

## UN PREÁMBULO NECESARIO

### UN ESCENARIO DE CRISE

*Estamos no medio dunha crise do réxime provocada polas políticas antisociais e a desigualdade -máis patente que nunca pola persistente discriminación ostentosa das mulleres, pola perda de porcentaxe a respecto do PIB das rendas do traballo ou polo saqueo das pensións das persoas maiores- que, xunto coa secular inadecuación do pretendido estado-nación Español, amosa unha realidade plurinacional diversa na que nin a suposta España estrita se ve xa reflectida simbolicamente máis que nos seus segmentos sociais máis alleados.*

*Esta disfunción entre nación e estado coincide ademais coa crise do modelo de estado/nación provocada pola mundialización do poder económico que implica a mundialización doutras manifestacións do poder que fan emerxer ao primeiro plano o taboleiro xeopolítico.*

*A crise está levándonos como especie aos límites da biosfera no medio do funcionamento caótico do sistema-mundo. Os subsistemas rexionais como Europa e, dentro desta, a UE, non dan respostas ás necesidades cidadás, sendo os estados intervídos directamente polo poder económico-financeiro, nos que a cleptocracia ten provocado acrecentamento da desigualdade, distancia da cidadanía duns supostos gobernos/representantes, agravando a crise institucional, que se superpón ás permanentes tensións históricas pola pretensión da existencia dun estado-nación, no caso español, superposto a unha realidade plurinacional. Esta crise explica as incontroladas e caóticas respostas de parte do estado, até agora máis ou menos coordinadas.*

### NA GALIZA

*Na Galiza, a crise institucional respecto da Xunta maniféstase na epiderme política aparentemente menor, entre outras razóns pola inserción peculiar de Galiza como colonia interior e a conseqüente debilidade da resposta político-social "normalizada"; pola febleza social da nosa nación en risco de desaparición en moitas da súas manifestacións; pola cada vez menor achega pública ao PIB galego cuns orzamentos espoliados polos xuros da débeda, as mordidas das delegacións das mafias españolas ou autóctonas, reducidos por un narco-presidente durante os anos da crise económica; pola escandalosa intervención partidaria nos medios de comunicación, comezando pola CRTVG, e un longo etcétera.*

*Pero a máis importante eiva é a incapacidade social para dármonos organizado politicamente de xeito eficaz, algo que sufrimos, canto menos, dende 2001, ano no que a ferramenta BNG ficara esgotada.*

## **OBXECTIVOS PRIMORDIAIS QUE VEMOS:**

### **1. POÑER GALIZA NO SEU SITIO CO SEU RANGO NACIONAL NO PROCESO DE RUPTURA**

Tendo a obriga de lograr benestar para todas as persoas, incluíndo o respecto aos dereitos individuais e colectivos, temos fallado en ocasións. Nun momento crítico como o que vivimos corremos o risco de repetir para Galiza o papel secundario que sufrimos na xestión do Réxime do 78.

Hai que facer o preciso para non estragar a herdanza de Castelao e do galeguismo da República, manter o status de nación ao mesmo nivel que as outras nacións sen estado, para poder exercer un grao relativo de soberanía para atender as necesidades individuais e colectivas da maioría social galega.

### **2. DESALOJAR O PP CORRUPTO DAS INSTITUCIÓNS ENTRE TODAS AS PERSOAS HONRADAS**

Para iso, como primeiro paso, é imprescindible acumular forza social, política, electoral e institucional, para desalojar xa ao PP da Xunta, que ocupa as institucións galegas nuns procesos electorais trampeados con parte do que usurparon do diñeiro público.

Para esta labor ninguén pode escatimar esforzos nunha colaboración ampla que abranga mesmo xente limpa e honrada abducida polo partido condenado, mesmo deputadas, e así sexamos quen de recuperar o roubado, limpar de corrupción as institucións, atender as urxencias máis perentorias da cidadanía e convocar unhas eleccións limpas e ao tempo facer valer o papel de Galiza no Estado Español.

### **SENDO EN MAREA UNIDADE POPULAR DAS PERSOAS, PRIMEIRA FORZA DA OPOSICIÓN, TEMOS A RESPONSABILIDADE DE SERVIR Á SOCIEDADE PARA ESES OBXECTIVOS**

A todas as inscritas de En Marea correspóndenos contribuír e en ningún caso dificultar que EM sexa verdadeira unidade popular de persoas. As persoas con militancias previas como a de Podemos-Galiza, EU, Anova, Cerna, xentes de espazos varios e locais, xunto a persoas sen adscrición, comprometémonos a iso na Asemblea Fundacional do 31 de xullo de 2016 en Vigo. Alí, tamén **as organizacións preexistentes nos comprometemos explicitamente a exercer temporalmente un papel de motores auxiliares para iniciar o camiño e só para inicialo.**

En Vigo acordamos uns principios que nos acollen a todas sobre a base dunha ética común, da radicalidade democrática na elección de compañeiras para as institucións; coa mesma radicalidade democrática e cun sistema proporcional, elixir aos órganos de coordinación e representación do partido instrumental para representar ao espazo das mareantes, Consello e Coordinadora, pero, sobre todo, **acordamos respectar e afondar na participación directa das persoas nun espazo de adscrición individual.**

**POR ISO CÓMPRE XA TOMAR UNHA DECISIÓN:**

**EN MAREA SOBERANA IMPLICA FÓRA CÚPULAS PARTIDARIAS, QUE APAGUEMOS OS MOTORES AUXILIARES PORQUE AS DECISIÓN XA SON DAS INSCRITAS E SÓ DAS INSCRITAS**

Hoxe, partidos e plataformas, mesmo no papel de motores auxiliares, téñense convertido máis nun problema que nunha axuda. Accións das partes, contraditorias ás veces con decisións adoptadas de xeito escrupulosa e radicalmente democrático polo conxunto das persoas do espazo En Marea, dificultan o avance da ferramenta da unidade popular das persoas que é o partido instrumental.

**Hai que deixar xa os intereses de parte que houber e pasar a explicitar sen reservas nin medos a unidade popular cidadá que acordamos en Vigo e que é En Marea e concertarnos para disolver Cerna, Anova, EU e Podemos-Galicia** para que como adscritas apliquemos todas as forzas dispoñíbeis na organización e perfeccionamento da En Marea republicana das persoas iguais en dereitos e deberes, con capacidade para decidir todo e cunha relación coas mareas locais respectuosa para que non se sinta excluída nin limitada ningunha, tal e como aprobamos no Plenario de marzo, e así remar todas na mesma dirección.

Galiza, 29 de maio de 2018.